

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA
3 DE SETEMBRO DE 2009.-**

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D^a Rocío Rey Sampayo.
D^a M^a del Carmen Silvar Canosa.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel Ángel Rodríguez Carballeira.
D. José Antonio López Rodríguez.
D. Juan Manuel Lourido González.
D^a Rita María Couto Seijido
D. Manuel Polo Gundín.
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Edgar Antonio Vigo López
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocío Aurora Bértoa Puente
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a del Pilar Fornos Corral
D. Manuel Sánchez Martínez.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaioito horas e dez minutos do día tres de setembro de dous mil nove, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as D^a Rocío Rey Sampayo, D^a M^a del Carmen Silvar Canosa, D^a Amalia García Balado, Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, Don Juan Manuel Lourido González, D^a Rita María Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, D^a Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocío Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a del Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal, Dona Martina Manteiga Fulgueira e actúa como Secretaria D^a Pilar María Pastor Novo, Secretaria xeral do Concello, que da fe do acto.

Interventora:

D^a Martina Manteiga Fulgueira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

1º.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DO PROXECTO MODIFICADO NÚM.2 DE PAVIMENTACIÓNS E DOTACIÓNS DE SERVIZOS EN PARROQUIAS DE FENE 2007, OBRA INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que en relación aos dous primeiros puntos da orde do día, desde que pasaron os asuntos pola Comisión Informativa, parece ser que existe a posibilidade de que a Deputación acepte a inclusión de obras que se retiraron dos proxectos, que se modificaron para que as obras puideran ser financiadas; que parece que existe algunha posibilidade de que a Deputación lles permita incluír algunha das obras que tiveron que quitarse, polo que propón deixar estes asuntos sobre a mesa, e se existe a posibilidade de manter algunha das obras que xa estaban nos proxectos, convocarase unha sesión extraordinaria para aprobar os mesmos.

Seguidamente, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a proposta de deixar o asunto sobre a Mesa, sendo aprobada por unanimidade.

2º.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DO PROXECTO MODIFICADO NÚM. 2 DE DOTACIÓNS DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓNS EN NÚCLEOS DE FENE, OBRA INCLUÍDA NO POS 2007.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que, polos motivos expostos no punto anterior, propón deixar o asunto sobre a mesa.

Seguidamente, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a proposta de deixar o asunto sobre a Mesa, sendo aprobada por unanimidade.

3º.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DA APROBACIÓN INICIAL DA CESIÓN AO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO PROPIEDAD DE PONTEDEUME NO TOMO 1044, LIBRO 207, FOLIO 150.

A continuación dase conta da proposición da Alcaldía relativa ao asunto epigrafiado que, transcrita di:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Visto que por Providencia da Alcaldía de data 26 de agosto de 2008 acordouse proceder á adquisición directa a Dona Antonia Rodríguez García dunha porción de 73,35 m2 da parcela de referencia catastral nº 7843905NJ6174S para proceder á súa posterior cesión ao Instituto Galego da Vivenda e Solo ao obxecto de que por ésta se proceda á súa agrupación á parcela de referencia catastral 7843906NJ6174S.

Visto o informe de secretaría emitido en relación á adquisición dunha porción da parcela de referencia catastral 7843905NJ6174S0001AL sita no Sartego e posterior cesión ao Instituto Galego da Vivenda e Solo , de data 28 de agosto de 2008, obrante no expediente, no que, polo que respecta á cesión, sinala, entre outras cousas que:

“.....

Polo que respecta á cesión : A cesión gratuíta de bens das Entidades locais ven regulada nos artigos 109 a 111 do Regulamento de bens das entidades locais(en adiante RBEL).

Conforme preceptúa o artigo 109.2 do RBEL, as Entidades locais poderán ceder gratuitamente a Entidades ou Institucións públicas bens inmobles de propios para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termino municipal.”

A cesión gratuíta require instrucción de procedemento, con arranxo aos requisitos e prescripcions do artigo 110 do RBEL, isto é:

- Acordo plenario adoptado có voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, previa instrucción do expediente, con arranxo aos seguintes requisitos:

- a) Xustificación documental pola propia entidade ou institución solicitante do seu carácter público e Memoria demostrativa de que os fins que se persiguen redundan de maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do término municipal.*
- b) Certificación do rexistro da propiedade acreditativo de que os bens se atopan debidamente inscritos en concepto de patrimoniais da Entidade Local. Polo tanto, de adquirirse a porción de parcela que se pretende, debe formalizarse en escritura pública e inscribirse no rexistro da propiedade.*

- c) *Certificación do Secretario da Corporación na que conste que os bens figuran no inventario aprobado pola Corporación coa antedita calificación xurídica.*
- d) *Informe da Intervención de fondos no que se probe non ter débeda pendente de liquidación con cargo ao presuposto municipal.*
 - a) *Dictáme suscrito por técnico que asevere que os bens non se atopan comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, non son necesarios para a entidade local nin é previsible que o sexan nos dez anos inmediatos.*
 - b) *Información pública por prazo non inferior a quince días.*

Se o valor do ben obxecto de cesión sobrepasa o 25 % da contía do presuposto ordinario de ingresos do Concello, habería que solicitar a autorización da Consellería competente da Xunta de Galicia. Noutro caso, soamente se lle habería de dar conta, enviando tamén copia do expediente.

De acordo có disposto polo artigo 113 do RBEL, antes de iniciarse os trámites conducentes ao alleamento do inmovible debe procederse a depurar a situación física e xurídica do mesmo, practicándose o deslinde, se fose necesario, e inscribíndose no Rexistro da Propiedade, se non o estivese.

A cesión gratuíta de bens pódese facer:

- a) *A Entidades ou Institucións Públicas.*
- b) *A institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro.*
- c) *Aos organismos competentes de promoción da vivenda.*

Os fins para os que se ceden deben redundar en beneficio dos habitantes do termino municipal. O ben debe ser inmovible e PATRIMONIAL.

Establece o artigo 111 do RBEL que se os bens cedidos non fosen destinados ao uso dentro do prazo sinalado no acordo de cesión , ou deixaran de selo posteriormente, considerarase resolta a cesión e revertirán aqueles á Corporación local, a cal terá dereito a percibir da Entidade beneficiaria, previa tasación pericial, o valor dos detrimentos experimentados polos bens cedidos.

*Resulta, polo tanto, que a cesión gratuíta de bens inmoibles a Entidades ou Institucións públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do término municipal debe vir referida a bens patrimoniais e cumprirse todos os requisitos e trámites anteriormente sinalados.”, e no seu apartado conclusións que “...En atención ao exposto na consideración primeira do presente infórmase **desfavorablemente** o expediente”.*

Visto que por resolución da Alcaldía número 590/2008, de data 11 de setembro de 2008 acordouse Autorizar a segregación dunha porción de 73,35 m² da parcela de referencia catastral 7843905NJ6174S0001AL e que aparece grafiada no plano redactado por Gainto S.L., presentado por Dona Antonia Rodríguez García na documentación achegada xunto coa solicitude de licenza para segregación e agrupación de parcelas formulada en data 20 de maio de 2008, adquirir a Dona Antonia Rodríguez García a porción da parcela de referencia catastral 7843905NJ6174S0001AL de 73,35 m² que resulta da segregación autorizada no apartado anterior polo prezo de sete mil cincocentos trece euros con setenta e dous céntimos (7.513,72€) ao obxecto de incoar expediente para proceder a súa cesión ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, O pagamento do prezo farase efectivo no momento do outorgamento da escritura pública de compraventa, e aprobar o gasto por

importe de 7.513,72€ con cargo á partida de gastos 432.60000 do orzamento do exercicio 2008.

Visto que por Providencia da Alcaldía de data 1 de outubro de 2009 dispúxose a iniciación de expediente para proceder á modificación dos apartados primeiro e segundo da Resolución anteriormente citada e, na súa consecuencia, incorpórese ao expediente os

Visto que por Resolución da Alcaldía núm. 626 /2008, de data 1 de outubro de 2008 acordouse modificar o apartados primeiro e segundo da parte dispositiva da Resolución da Alcaldía núm. 590/2008 de data 11 de setembro de 2008, quedando, os mesmos redactados nos termos que resultan dos apartados segundo e terceiro da dita resolución.

Visto que en data 2 de outubro de 2008 outorgouse en Fene ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia de Fene, Don Jesús Santamaría Abadía.

Visto que en data 5 de febreiro de 2009, outorgouse ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, Don Jesús Santamaría Abadía en data 5 de febreiro de 2009, entre Don Jesús José Oroza Vila e os cónxuxes Dona Antonia Rodríguez García e Don Fernando Manso Oti escritura de liberación de hipoteca sen cancelación.

Vista a Nota Simple Informativa do Rexistro da Propiedade de Pontedeume de data 3 de agosto de 2009, relativa á finca cuxo titular é este Concello sita en Villavieja ou Fene, cunha superficie de 73,35 metros cadrados, que figurainscrita en dito Rexistro da Propiedade ao Tomo 1044, Libro 207 Folio 150.

Vistos os artigos 110 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Ceder gratuitamente ao Instituto Galego da Vivenda e Solo a propiedade do ben que a seguir se describe ao obxecto de que por este organismo se proceda á súa agrupación á parcela de referencia catastral 7843906NJ6174S e para o destino de construción de vivendas de promoción pública:

- Finca: 16156, sita en en Fene, nome: Villavieja ou Fene, cunha superficie de 73,35 m², inscrita no Rexistro da Propiedade de Pontedeume , ao Tomo 1044, Libro 207, Folio 150.

Lindeiros:

Norte: Resto da finca matriz
Sur: Instituto Galego da Vivenda e Solo
Leste: Resto da finca matriz
Oeste: Antonia Rodríguez García

Para a realización das obras de construción das vivendas polo Instituto Galego da vivenda e Solo deberán obterse tódalas autorizacións necesarias, entre elas as preceptiva licenza municipal urbanística .

As obras deberán quedar rematadas no prazo de tres anos a contar desde a formalización da cesión.

O cumprimento exacto do fin e destino dos terreos cedidos e do prazo de finalización das obras suxéitase á condición resolutoria expresa, polo que en caso de incumprimento, bastará acta notarial de constancia dos feitos, acompañada da mesma escritura de cesión para que opere a reversión dimanante do incumprimento da condición expresa.

Segundo.- Someter o expediente a información pública polo prazo de quince (15) días, mediante anuncios no taboeiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto no artigo 110.1.f) do Regulamento de Bens das entidades Locais. De non producirse reclamacións durante o período de información pública e incorporarse ao expediente os trámites anteriormente sinalados, o presente acordo considerarase definitivo.

Terceiro.- Dar conta, unha vez definitivo que sexa o acordo, da cesión ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Cuarto.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para que, unha vez definitivo que sexa o acordo e transcorrido o prazo ao que fai referencia o artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril sen que o órgano competente da Comunidade Autónoma requirise ao Concello expresando a normativa que estima vulnerada, en nome e representación do Concello subscriba a escritura pública de cesión.”.

Seguidamente intervéñ o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que este é un asunto non ditaminado e que a urxencia do mesmo ven determinada porque é unha obra que ten unha traxectoria dilatada e o Instituto Galego da Vivenda e Solo lles comunicou a necesidade de contar cos terreos.

A continuación, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión na orde do día do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

Non producíndose debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a proposición da Alcaldía, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposición da Alcaldía, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

4º.- DACCÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

A continuación dáse conta das Resolucóns da Alcaldía comprendidas entre a número 576/2009, do 3 de agosto de 2009 e a número 658/2009, do 31 de agosto de 2009.

5.- MOCIÓNS URXENTES

5.1.- De seguido intervéñ o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, unha proposta referida a un acordo adoptado por este Pleno na sesión celebrada en data 6 de agosto de 2009, xa que nese acordo se dicía que o que se aprobaba era o informe de intervención, e do que se trata é de redactar o acordo de xeito que reflicta a vontade do Pleno. Continúa o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a urxencia do asunto ven motivada pola necesidade de acelerar este asunto.

Seguidamente, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia do asunto, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a urxencia.

A continuación dáse conta da proposta da Alcaldía de data 31 de agosto de 2009 que, transcrita di:

"PROPOSTA DE ALCALDIA PARA O PLENO.

Visto o Informe de Intervención, de data 27 de xuño de 2009, e vista así mesmo a Acta da sesión plenaria, de 6 de agosto de 2009, da que parece deducirse que o que se vota no Pleno, é o Informe de Intervención mencionado, e non o obxecto dese Informe, que é "A Modificación do Convenio para o personal do Concello de Fene, o Acordo Regulador para o ano 2008 do Concello de Fene, o para o personal funcionario e laboral, así como o Regulamento que desenrola os termos do fondo social", esta Alcaldía-Presidencia, á vista do seguinte, e en evitación de equívocos, propón ó Pleno:

1º).- A Rectificación do acordo tal e como se recolle na mencionada Certificación do Pleno, de data 06/ agosto/2009, para que quede nos termos da aprobación da, e se procede, repetir a votación do Pleno:

"Modificación do Convenio para o personal do Concello de Fene, o Acordo regulador para o ano 2008 do Concello de Fene para o personal funcionario e laboral, así como o Regulamento que desenrola os termos do Fondo social".

2º).- Así mesmo, que se proceda á tramitación do expediente segundo a normativa vixente.

Fene, a 31 de agosto de 2009,
O alcalde Acctal.,
Asdo.: José Antonio López Rodríguez."

De seguido pide o uso da palabra a Sra. Secretaria quen, unha vez concedido, manifesta que en relación á proposta da Alcaldía que se somete á consideración do Pleno, por Secretaría emitíuse nota informativa 63/2009, de data 3 de setembro de 2009 na que se informa desfavorablemente dita proposta, e procede a dar lectura á devandita nota informativa que, transcrita di:

"NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

63/2009

Téndose presentado nesta Secretaría proposta da Alcaldía para o Pleno, de data 31 de agosto de 2009 relativa a rectificación de acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de data 6 de agosto de 2009, por esta Secretaría, en uso das atribucións conferidas pola normativa vixente, e coas limitacións propias desta nota e do escaso tempo hábil con que se contou para o seu exame, de conformidade co disposto no artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, fanse as seguintes observacións:

- Na proposta citada propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

"1º).- *A Rectificación do acordo tal e como se recolle na mencionada Certificación do Pleno, de data 06/agosto/2009, para que quede nos termos de aprobación da, e se procede, repetir a votación no Pleno:*

"Modificación do Convenio para o personal do Concello de Fene, o Acordo regulador para o ano 2008 do Concello de Fene para o personal funcionario e laboral, así como o Regulamento que desenrola os termos do Fondo social".

2º).- Asimesmo, que se proceda á tramitación do expediente seguindo a normativa vixente.”

A) Dende un punto de vista formal, e sen prexuízo do que se dirá verbo do fondo do asunto :

- Na documentación que se achega á proposta(que non se atopa numerada nin asinada en todas as súas follas útiles polo funcionario encargado da súa tramitación , tal e como dispón o artigo 164 do R.O.F.) constan unha serie de papeis inconexos que non conteñen ningún tipo de dilixencia nin sinatura (un leva por título “Acordo Regulador das Condicións de traballo do persoal o servizo do Concello de Fene, outro leva por título “ACORDO NEGOCIACIÓN PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL PARA O ANO 2008 DO CONCELLO DE FENE”, outro “REGULAMENTO DO FONDO SOCIAL”, que consta de sete planas, e no que na sexa figura como data o 11 de decembro de 2008,“ACTA DA COMISIÓN DO SEGUIMENTO DO FONDO SOCIAL DO CONCELLO DE FENE.)

Consta tamén un informe de Intervención (documento éste orixinal, de data 27 de xuño de 2009, no que, entre outras cousas se sinala “ *Coas salvedades indicadas, a proposta de acordo se informa favorablemente*”.

Non consta na documentación que se entrega a esta Secretaría a proposta de acordo.

Consta unha copia simple dun documento que leva por título “Modificacións no texto” e outro que leva por título “REGULAMENTO DO FONDO SOCIAL; CAPITULO V- AXUDAS A UNIDADE FAMILIAR”. Ditos documentos conteñen nalgúns dos seus apartados frases incompletas (Así, a título de exemplo “ MODIFICAR A REFERENCIA DO IPC POR; “Conceptos subvencionados.....”.

Por tanto, esta Secretaría entende que a documentación que se remite non pode considerarse un expediente (entendendo por este, tal e como dispón o artigo 164.1 do R.O.F. “*el conjunto ordenado de documentos y actuaciones que sirven de antecedente y fundamento a la resolución administrativa, así como las diligencias encaminadas a ejecutarla*”)

Polo tanto, e por razóns de seguridade xurídica, a proposta de acordo debe constar dun xeito claro e inequívoco , o que non ocorre no suposto que se examina.

B) Coas limitacións e cautelas derivadas do que se sinalou no apartado anterior, e dende o punto de vista do fondo do asunto cómpre sinalar o seguinte:

En relación á proposta, non consta na parte dispositiva do mesmo o contido material do acordo a adoptar; menciónase a modificación do Convenio, dun acordo regulador para o ano 2008 , cando non consta no expediente proposta sobre o particular , polo que non resulta posible facer consideración algunha verbo do mesmo

Por outra banda, alúdese á modificación dun Regulamento do Fondo Social , regulamento que non existe, polo que o contido do acordo, polo que respecta a este extremo sería de contido imposible, e polo tanto, nulo de pleno dereito. Se o que se pretende é a aprobación dun Regulamento do Fondo Social por esta Secretaría infórmase, desde un punto de vista procedemental, e sen entrar en consideracións verbo do contido do mesmo por falta de tempo hábil para o seu exame, que a aprobación do mesmo sen seguir os trámites previstos no artigo 49 da LRBRL sería

un acto nulo de pleno dereito dacordo co disposto no artigo 62 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Por outra banda , cómpre sinalar que todas as materias ás que se refire a proposta son materias que deben ser obxecto de negociación nos órganos de negociación legalmente previstos (Mesa xeral de negociación e Comisión negociadora), sen que conste entre a documentación que se remite, documentación acreditativa da preceptiva negociación nos citados órganos, trámite éste necesario e previo e sen o cal calquera acordo sobre estas materias que se adoptase sería nulo de pleno dereito.

En atención ao exposto infórmase desfavorablemente a proposta da Alcaldía de data 31 de agosto de 2009, polo que, a xuízo da que subscribe, non procede a súa aprobación.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa unha(1) plana. A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza e polo escaso tempo hábil con que contou esta Secretaría para o seu exame, requiren dun exame máis coidado de dita documentación, polo que as observacións feitas poderán ser ulteriormente ampliadas nun informe emitido dacordo co que dispón a normativa de aplicación.

Fene, 3 de setembro de 2009.
A SECRETARIA
Asdo: Pilar María Pastor Novo.”

Non producíndose debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 31 de agosto de 2009, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 31 de agosto de 2009 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

5.2.- A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente, e manifesta que hai outra moción do grupo político do BNG relativa a recollida de residuos voluminosos.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que a urxencia da moción é evidente, porque en todos os Concellos galegos existe unha gran cantidade de voluminosos por parte da Sociedade Galega de Medio ambiente (SOGAMA).

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia da moción, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a urxencia.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundin quen, unha vez concedido, procede a dar lectura á moción que, transcrita di:

“Manuel Polo Gundín portavoz do GM do BNG no concello de Fene, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte Moción:

SOBRE A RECOLLIDA DE RESIDUOS VOLUMINOSOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Sociedade Galega de Medio ambiente (SOGAMA) ven de comunicar que a partires do 1 de setembro de 2009 procederáse ao cesamento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos concellos adheridos.

O cesamento na prestación do servizo de retirada de residuos voluminosos por parte do SOGAMA, para o seu posterior tratamento, prodúcese de xeito unilateral, sen ningún tipo de negociación previa cos concellos afectados, que a partir do 1 de setembro terán que facerse cargo, individualmente, da recollida e entrega deste tipo de residuos a un xestor autorizado.

Con este anuncio, a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) podería estar a incumprir as condicións pactadas cos concellos no momento da súa adhesión, sen que nin a Xunta nin a propia SOGAMA ofrezan ningunha solución alternativa e viábel aos Consellos afectados, que, ademais de ter que artellar sistemas de recollida, verán como os custes do tratamento destes residuos se incrementan de xeito exponencial.

A falla dun sistema homoxéneo para a retirada destes residuos, xunto co incremento significativo dos custes, precisamente nun momento no que como consecuencia da crise económica e das deficiencias do sistema de financiamento local as facendas municipais están a pasar por situacións moi difíciles, podería derivar na proliferación de vertedoiros incontrolados ou, no mellor dos casos, cando o tratamento se faza conforme á legalidade e por un xestor autorizado, no traslado do incremento dos custes ao recibo do lixo que Terán que soportar os/as veciños/as do concello de Fene e dos demais concellos afectados.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar a Xunta de Galiza e á Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) ao mantemento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos municipios adheridos, nas condicións que o viña facendo até agora, para o seu posterior tratamento por un xestor autorizado conforme á normativa vixente.
2. No seu defecto, instar á Xunta de Galiza a que aporte una solución alternativa e viábel, que non supoña un incremento do recibo do lixo dos concellos afectados.

Fene, 25 de agosto de 2009
Asdo.- Manuel Polo Gundín
Portavoz do Grupo Municipal do BNG.”

Continúa o Sr. Polo Gundín a súa intervención e manifesta que non se meten en cuestións maiores por unha cuestión elemental, porque este Concello, como outros, teñen problemas non só desde o un de setembro, senón tamén con anterioridade; que entenden que hai unha interpretación unilateral da Xunta de Galicia do convenio e que pediría facer un informe xurídico sobre elo; que desde o BNG pensan que isto non se xustifica desde ningún punto de vista.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que esta situación dálles pena, xa que os que crearon a situación, que foron o PSOE e o BNG, veñen agora con este asunto ao Pleno, xa que no ano 2008 aprobouse que Sogama deixara de recoller os voluminosos e agora resulta que aquilo que aprobou o bipartito non vale, e o problema está aí e ten que ter unha solución; di que no 2008 se se sabía que Sogama non ía recoller voluminosos, polo que nos presupostos de 2009 poderían terse recollido esas axudas; que agora, en setembro de

2009 chega a situación de ter que voltar atrás e pregunta por qué non se meteron esas axudas no presuposto de 2009. Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal dicindo que os puntos da moción lles parecen unha falta de respecto e de consideración; que o problema é causado polos que gobernaban en 2008; que a Xunta brinda determinadas posibilidades de colaboración, pero, segundo a moción, a solución a ten que dar a Xunta e os Concellos.

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, di que dado que o problema está creado, debe dárselle algunha solución.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que desde o PSdeG-PSOE tiñan elaborada unha moción sobre este asunto que por un erro administrativo non puido ir á Comisión, polo que propón ao BNG unha emenda para poder aprobar a moción, emenda que consiste en:

No punto segundo da moción do BNG, engadir o seguinte: “En todo caso, financiar dende a Xunta de Galicia os diferenciais de custo para os concellos entre as tarifas que ata o de agora pagaban a SOGAMA e os novos custos derivados desta decisión, de xeito que os concellos galegos non teñan unha maior carga económica pola xestión destes residuos voluminosos.” e engadir os seguintes puntos:

“

3. No caso concreto dos concellos de Fene e Cabanas, que a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas execute de xeito inmediato a construción do punto limpo de vilar do Colo, comprometido polo anterior Goberno Galego; toda vez que ámbolos dous concellos dispoñen xa dos terreos necesarios para poñer a disposición da Xunta de Galicia. Hoxe esta infraestrutura é máis necesaria que nunca.
4. Incentivar a construción de puntos limpos nos concellos onde aínda non existen e continuar coa liña de axudas á xestión destes puntos limpos posta en marcha na anterior lexislatura.
5. Poñer a disposición dos concellos de Galicia por parte da Consellería de Medio Ambiente a relación de xestores autorizados para a recollida de calquera tipo de residuo voluminoso e as tarifas oficiais establecidas ao efecto.
6. Elaborar un calendario de inspeccións ambientais específicas para a comprobación por parte das autoridades ambientais do correcto uso das autorizacións por parte dos xestores de residuos.”

Continúa o Sr. Alcalde-Presidente a súa intervención e di que, dado que o Sr. Galego Feal fixo unha mención ao anterior Conselleiro de Medio Ambiente, quere dicir que, en primeiro lugar, é evidente que os Concellos algo teñen que facer ante unha situación que non poden soportar; que como dicía o voceiro do Partido Popular, existe unha situación de dificultades económicas, de crise importante na que as Administracións que peor o pasan son os Concellos, e que os Concellos, a pesar das dificultades que están a ter, que teñan que afrontar un incremento do cincuenta ou do cen por cento das tarifas que pagaban non lle parece serio nin lóxico; que é certo que isto deriva dun Plan de tratamento de residuos aprobado polo anterior goberno galego, pero hai que contar toda a verdade; que o Partido Socialista non estivo dacordo coa solución de Sogama que no seu día plantexou o Partido Popular; que unha vez chegaron ao goberno galego, a solución pola que o PP con maioría absoluta optou, eles sempre dixeron que era un desplifarro económico e unha aberración ambiental porque se pasou dun modelo malísimo a un modelo menos malo, pero habían outras solucións; que no Plan de tratamento de residuos se plantexaba a descentralización de Sogama para evitar o traslado de residuos por toda Galicia, que non suporía tanto impacto ambiental e abaratar custes ; que o que fai a actual Xunta de Galicia é dicir

que como lle cambiaron a lexislación non pode recibir residuos voluminosos e que cada un que se busque a vida e que iso non lles parece serio polo que presentan esta moción.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde-Presidente dicindo que, en canto ao dito polo Sr. Polo Gundín verbo de que se produce unha modificación unilateral por Sogama e a Xunta, isto tratouse na Mancomunidade e existe unha postura conxunta para que se estude xuridicamente este asunto e, de ser o caso, exercer accións legais; que polo exposto, se o grupo do BNG acepta as emendas propostas, van votar a favor.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, di que non ten inconveniente en mellorar as mocións, e polo tanto, en aceptar as emendas.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que co que non están de acordo é con que os Concellos estean pagando isto, pero que a data de 1 de setembro de 2009 non a puxo o Partido Popular, senón o bipartito; que polo que expuxo, non van a votar en contra da moción, senón a absterse e que o que si ten que mirar o Concello e a Xunta é que non se lles incremente aos/ás veciños/as o recibo de lixo; pregunta qué ocorrería se o bipartito seguise a gobernar, qué farían, xa que non había nada nos presupostos. Remata a súa intervención o Sr. Galego Feal dicindo que a Xunta actual cursou aos Concellos propostas de solución.

O Sr. Sánchez Martínez pide o uso da palabra e, unha vez concedido, manifesta que o problema está aí e débese solucionar.

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Pico Sanmartín quen, unha vez concedido, di que hai que facer memoria e dille ao Sr. Galego Feal que o Concello de Fene foi o primeiro en contar cunha planta de transferencia e non se lles incrementou o recibo aos/ás veciños/as e que só se lles incrementou cando se lles fixo entrar en Sogama, motivo polo que houbo de subirlles o trinta por cento.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese á votación ordinaria a proposta de emendas a moción, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece(13), (dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Lourido González, Silvar Canosa, Rey Sampayo, García Balado, Rodríguez Carballeira, Polo Gundín , Couto Seijido, Pico Sanmartín, Vigo López e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún

Abstencións: Catro (4), (dos/as Sres/as Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal e Fornos Corral).

A continuación, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a parte dispositiva da moción do BNG, coas modificacións que resultan das emendas aprobadas, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece(13), (dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Lourido González, Silvar Canosa, Rey Sampayo, García Balado , Rodríguez Carballeira, Polo Gundín , Couto Seijido, Pico Sanmartín, Vigo López e Sánchez Martínez).

Votos en contra: Ningún

Abstencións: Catro (4), (dos/as Sres/as Galego Feal, Bértoa Ponte, Franco Casal e Fornos Corral).

Á vista do resultado da votación, declárase adoptado o seguinte acordo:

1. Instar a Xunta de Galiza e á Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) ao mantemento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos municipios adheridos, nas condicións que o viña facendo até agora, para o seu posterior tratamento por un xestor autorizado conforme á normativa vixente.
2. Instar á Xunta de Galiza a que aporte una solución alternativa e viábel, que non supoña un incremento do recibo do lixo dos concellos afectados. En todo caso, financiar dende a Xunta de Galicia os diferenciais de custo para os Concellos entre as tarifas que ata o de agora pagaban a SOGAMA e os novos custos derivados desta decisión, de xeito que os concellos galegos non terían unha maior carga económica pola xestión destes residuos voluminosos.
3. No caso concreto dos concellos de Fene e Cabanas, que a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas execute de xeito inmediato a construción do punto limpo de vilar do Colo, comprometido polo anterior Goberno Galego; toda vez que ámbolos dous concellos dispoñen xa dos terreos necesarios para poñer a disposición da Xunta de Galicia. Hoxe esta infraestrutura é máis necesaria que nunca.
4. Incentivar a construción de puntos limpos nos concellos onde aínda non existen e continuar coa liña de axudas á xestión destes puntos limpos posta en marcha na anterior lexislatura.
5. Poñer a disposición dos concellos de Galicia por parte da Consellería de Medio Ambiente a relación de xestores autorizados para a recollida de calquera tipo de residuo voluminoso e as tarifas oficiais establecidas ao efecto.
6. Elaborar un calendario de inspeccións ambientais específicas para a comprobación por parte das autoridades ambientais do correcto uso das autorizacións por parte dos xestores de residuos.

5.3.- A continuación intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que hai presentada outra moción do grupo político do BNG, relativa ao bono social da tarifa eléctrica.

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que a urxencia da moción ven motivada polo cambio da tarifa dos recibos polo subministro de enerxía eléctrica, xa que existe un bono social que non está tendo a aplicación óptima, polo que todos os posibles beneficiarios non o están a ser.

(Auséntase do Salón de sesións a Concelleira Dona Rocío Aurora Bértoa Ponte).

Continúa o Sr. Polo Gundín a súa intervención dicindo que polo exposto entenden que é urxente tomar medidas.

Seguidamente, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaseis (16), (dos/as Sres/as. dos Sres/as Puentes Rivera, López Rodríguez, Lourido González, Silvar Canosa, Rey Sampayo, García Balado , Rodríguez Carballeira, Polo Gundín , Couto Seijido, Pico Sanmartín, Vigo López e Sánchez Martínez, Galego Feal, Franco Casal e Fornos Corral).

Votos en contra: Ningún

Abstencións: Unha (1), (da Sra. Bértoa Puente, en virtude do disposto no artigo 100.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, ao terse ausentado durante o debate e non estar presente no momento da votación).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a urxencia da moción.

(Reincópórase ao Salón de Sesiós a Concelleira Dona Rocío Aurora Bértoa Puente).

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, procede a dar lectura á moción do grupo político do BNG, de data 3 de setembro de 2009 que, transcrita di:

“Manuel Polo Gundín portavoz do GM do BNG no Concello de Fene, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte Moción:

MOCIÓN SOBRE O BONO SOCIAL DA TARIFA ELÉCTRICA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A liberalización operada no sector eléctrico, lonxe de significar unha mellor prestación do servizo eléctrico nos fogares a abaratar o custe da factura eléctrica para a maioría das economías domésticas, está a ocasionar unha confusión crecente e un incremento no gasto repercutido polo subministro eléctrico á maioría dos consumidores.

A constatación do fracaso da aplicación da política de libre competencia nun servizo esencial para toda a comunidade como o subministro de enerxía eléctrica, onde ademais o abano de empresas comercializadoras redúcese a cinco, ponse de manifesto mesmo na recente normativa reguladora sobre a materia, como é o caso da creación do denominado “bono social”, consistente nunha bonificación na factura eléctrica por unha contía igual á diferenza entre o valor da tarifa de último recurso e unha tarifa reducida, co que se pretende corrixir a importante repercusión económica que o novo sistema de tarifas ocasiona na economía da maioría dos consumidores domésticos.

Malia que no limiar do Real Decreto-Lei 6/2009, do 3 de abril, se expresa claramente “...que se require a posta en marcha de forma inminente dun bono social ...”, non é até case que dous meses despois cando se publica a Resolución do 26 de xuño de 2009, da Secretaría de Estado de Enerxía, onde se determina o procedemento de posta en marcha do bono social, e se concretan as persoas beneficiarias da medida; as titulares dun punto de subministro na súa vivenda habitual de 60 ou máis anos de idade que acrediten ser pensionistas do Sistema da Seguridade Social que perciban as contías mínimas, as que acrediten ser familias numerosas, as que acrediten formar parte dunha unidade familiar con todos os seus membros en idade de traballar en situación de desemprego e as que teñan contratada unha potencia menor de 3kv.

Estas potenciais beneficiarios, ademais da demora na publicación e polo tanto posta en marcha efectiva do bono social, están a sufrir atrancos inxustificadas, como incumprimentos das empresas distribuidoras e comercializadoras de enerxía eléctrica no relativo á publicidade do procedemento e o ofrecemento de información exhaustiva, a imposibilidade dunha atención presencial dado o escaso número de empresas comercializadoras existentes, ou mesmo a necesidade de achegar múltiple documentación acreditativa de diversos organismos e administracións públicas, entre eles o Concello.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Político Municipal do BNG propón do Concello adoptar os seguintes:

1. Instar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Comisión Nacional de enerxía a adoptaren as medidas necesarias que garantan a extensión a todos os beneficiarios do bono social, e a súa aplicación efectiva nos prazos establecidos pola normativa vixente.
2. Instar ás Consellería de Traballo e Benestar, e de Economía e Industria, e ao Instituto Galego de Consumo a poren en marcha, de xeito urgente, Planos de Comunicación, Información e Asesoramento sobre das últimas modificacións no sistema de tarifas eléctricas e da aplicación do bono social, orientadas tanto a poboación en xeral como especificamente aos potenciais beneficiarios.
3. Ofrecer un servizo de información, asesoramento e colaboración na tramitación da solicitude do bono social, po parte do concello de Fene, onde se facilite ademais dun xeito áxil toda documentación acreditativa que o beneficiario deba obeter do concello.

Fene 3 de setembro de 2009

Asdo.- Manuel Polo Gundín.

Portavoz do Grupo Municipal do BNG.

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE FENE”

Continúa a súa intervención o Sr. Polo Gundín e di que o obxectivo da moción é que os/as usuarios/as finais poidan ter unha información axeitada e unha tarifación reducida.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que van votar a favor da moción, xa que os puntos lles parecen lóxicos.

O Sr. Sánchez Martínez pide o uso da palabra e, unha vez concedido, di que está dacordo co que se pide na moción.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que o PSdeG-PSOE tamén vai votar a favor desta moción; di que cren pouco na privatización das empresas públicas e que, unha vez que se fixo, todas as medidas que se poidan adoptar para axudar as teñen que apoiar.

Rematado o debate, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG de data 3 de setembro de 2009, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo político do BNG de data 3 de setembro de 2009, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que desexa facer as seguintes preguntas:

- Queren saber canto se presume que perde o Concello coa perda dos cursos do Plan FIP do Concello.
- De ónde saliu o presuposto para arranxo de varios camiños
- Cando van comezar as obras do campo de fútbol de “Os Pinares”.

Continúa a súa intervención o Sr. Polo Gundín e di que quere formular os seguintes rogos:

- Que no vindeiro pleno teña a información de cal foi o número de alumnos e o número de colocación do proxecto “crear emprego”.
- Que nas praias, de cara ao vindeiro ano, se coloque outro tipo de area de mellor calidade.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Lourido González quen, unha vez concedido, di que en canto ao Plan FIP non pode dicir a contía exacta; que o que sabe é que por cada alumno a cantidade é de seis euros diarios, pero que en todo caso facilitará esa información.

Deseguido pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa quen, unha vez concedido, di que en canto ao inicio das obras do campo de fútbol de “Os Pinares”, dará comezo nos vindeiros días.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que en canto ao camiño do Regueiro segue a haber problemas e pregunta se hai posibilidade de introducir nese tramo modificacións. Continúa a súa intervención e di que na mesma zoa se ía poñer un lavadoiro, que parece ser que se tiña mercado en Portugal e pregunta cando se fará. Di que viron na prensa que efectivamente se vai pechar o río Cádavo e pide que se lles facilite unha copia da factura desa obra e pregunta si se trasladou algo sobre o asunto á Xunta de Galicia. Di que en canto ao contencioso da Praza de correos non se volveu a saber nada e cren que é un tema que urxe; que solicitan copia deste expediente e pregunta se se produxo algún avance.

Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención e di que queren preguntar sobre o tema da Nacional 6; pregunta se o Sr. Alcalde, en relación ás beiravías de Barallobre, se informou se existe presuposto para ese novo proxecto e se o administrador concursal aceptou a renuncia do contrato; pregunta sobre as parcelas comerciais de Vilar do Colo; cometa a existencia de problemas para un veciño da rúa San Salvador cuns cables de luz; di que observan que Perlío se está a converter nunha escombreira, xa que a acumulación de residuos é constante; di que o Alcalde non reclamou a Audasa a limpeza das zoas que lle corresponde, e que hai zoas que non están para ver, polo que roga que se volva a reclamar a Audasa que limpe a parte do viaduto. Continúa a súa intervención e solicita a documentación relativa ás obras do río Cádavo; pregunta se por parte da Alcaldía se tivo coñecemento de que a Fundación Fuertes se vai de Vilar do Colo e di que queren saber se houbo algún problema con esa empresa; que en canto a area do río Sandeu queren saber a súa procedencia; que cre que o retraso do punto limpo é por culpa do Concello de Fene e que queren saber en qué fase está o asunto.

Continúa e di que roga que se retome o tema da supresión das barreiras arquitectónicas; que recibiron queixas sobre a deficiente sinalización do cemiterio municipal; di que se as obras do Cádavo custaron 30.000 euros e pregunta por qué non foron á mesa de contratación.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e di que pola súa contía, son obras que están por debaixo do contrato menor.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Rodríguez Carballeira quen, unha vez concedido, di que en canto ao estado do expediente da praza de correos, o mirará e aportará información máis precisa.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. López Rodríguez quen, unha vez concedido, di que en canto ao camiño do Regueiro, cando se elaborou o proxecto falou coa Policía Local que considerou que as bandas sonoras que están aí son as máis axeitadas. Continúa o Sr. López Rodríguez a súa intervención dicindo que en canto ao lavadoiro, o ían a poñer esta semana, pero están pendentes dun informe de patrimonio. Di que en canto ás beiravías de Barallobre, fíxose un proxecto que informou o enxeñeiro e que remitirase mañá á Deputación Provincial.

Deseguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, di que en relación a reunión que tiveron en Santiago, Fenosa quedou en traerlles un proxecto e pregunta se hai algo diso e sobre as xestións que quedou en facer para poñer os ascensores; pregunta si se sabe algo dos presupostos e sobre o estado das obras do Fondo estatal de investimentos locais. Roga que se tomen medidas sobre a perda dos cursos do Plan FIP, que se convoquen con tempo para que se poida contratar aos traballadores. Pregunta sobre unha denuncia por desatención médica de unha señora no ambulatorio e di que quere saber se o Concello ten coñecemento do tema e se preguntou o que pasou. Roga que se reparen os pasos de peóns, xa que hai bastantes que están gastados.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Lourido González quen, unha vez concedido, di que fai unha semana comezaron os traballadores dos programas de cooperación e que teñen pensado a reparacións dos pasos de peóns.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezanove horas e corenta e cinco minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace,
O Alcalde-Presidente

Iván Puentes Rivera

A secretaria xeral,

Pilar María Pastor Novo